

D I T A M E

Ditame
10/08

sobre o anteproxecto de
**Lei galega de
acción voluntaria**



APROBADO POLO PLENO O 7 DE NOVIEMBRE



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 9 de outubro de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei galega de acción voluntaria.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 10 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 15 de outubro de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 28/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 30 de outubro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 8/08, do 7 de novembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei galega de acción voluntaria.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da sociedade galegas nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria, ou ben directamente pola Administración Galega para o desenvolvemento de programas concretos. Por outra banda, tamén ten por obxecto regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se puideren establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria, e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en once títulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, una disposición derogatoria e tres disposicións finais.

O Título I contén as disposicións de carácter xeral

O Título II regula as persoas participantes da acción voluntaria

O Título III contén disposicións reguladoras das entidades de acción voluntaria.

O Título IV atinxe ás relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria.

O Título V refírese ás persoas destinatarias da acción voluntaria.

O Título VI refírese á distribución de competencias e aos mecanismos de coordinación interadministrativa e interdepartamental.

O Título VII regula os instrumentos de planificación e de ordenación da acción voluntaria.

O Título VIII do anteproxecto de lei regula os órganos de consulta e participación.

O Título IX prevé a figura das persoas xestoras da acción voluntaria e a creación da Escola Galega de Xuventude e Acción Voluntaria.

Por último, o Título X recolle as actividades conducentes ao fomento da acción voluntaria, así coma o seu financiamento, e o Título XI regula a acción voluntaria en situacións de emerxencia.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Resulta obrigado reiterar novamente, que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de ditame implica unha celeridade no estudo deste anteproxecto que pode ir en detrimento da desexada calidade do mesmo e, consecuentemente, do resultado agardado do labor consultivo do Consello.

2.- O CES valora **positivamente** a actualización na nosa Comunidade Autónoma, do marco legal regulador da acción voluntaria. Con esta nova norma vaise a superar a actual lei 3/2000 do 22 de decembro e o resto das disposicións que na actualidade rexen no ámbito do Voluntariado en Galicia, pretendendo así impedir que se poidan encubrir auténticas relacións laborais e evitar que poida existir deixación de funcións por parte das administracións públicas.

Sen menoscabo da valoración positiva, este anteproxecto debería ter en conta que en ocasións coexiste a acción voluntaria coas relacións de traballo remuneradas, polo que, contemplando esta posibilidade, teríanse que deixar ben delimitados os criterios que definan o ámbito de actuación de cada unha delas (persoas voluntarias e profesionais).

3.- En varios dos artigos (9, 10, 13, 24, 34.2, 34.3 e 41) utilízanse nas clasificacións as letras “j” e “k”, que son impropias do alfabeto galego, polo que o CES propón a súa substitución polas correlativas que correspondan. Pola contra, no artigo 13 débese subsanar na clasificación a ausencia do “ñ”, que si forma parte do noso alfabeto.

4.- En varios preceptos do anteproxecto (v.gr. artigos 29, 34.3.a, 34.3.e), 37.2, disposición adicional segunda ou disposición final primeira) emprégase o termo “departamento” para referirse á Consellería competente na materia. Segundo ten indicado o CES en diversos ditames anteriores, ese termo, derivado do idioma francés, pode inducir a confusión. O CES suxire que se empregue concretamente o termo “Consellería”, ou ben o de “Dirección xeral” cando sexa o caso.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- CES considera que no remate da **Exposición de Motivos** do anteproxecto de lei, deberíase facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 3** do anteproxecto de lei regula o concepto de acción voluntaria, tendo que reunir, entre outras, a condición de “*b) Que se execute fóra do ámbito dunha relación laboral, profesional, funcionarial, mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída, sen prexuízo, no seu caso, dos incentivos que corresponda e do reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar*”.

O CES considera que a expresión “*dos incentivos que corresponda*” é moi aberta polo que entende necesario que o citado artigo 3 clarifique que os incentivos en ningún caso terán carácter económico.

3.- O **Título II** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula o estatuto das persoas voluntarias

No citado título II, o CES propón a introdución dun réxime de incompatibilidades para as persoas voluntarias, así como a da perda da condición de persoa voluntaria, facendo especial fincapé na previsión dun procedemento para que se poida producir tal perda, do seguinte tenor:

--Incompatibilidades.

1. A condición de persoa voluntaria é incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de voluntariado na que se integre e cuxa natureza, contido ou obxecto poida ter relación cos propios da actividade voluntaria.

2. A condición de voluntario é en todo caso compatible coa de socio ou membro da entidade que desenrole actividades de voluntariado.

-- Perda da condición de voluntario.

Toda entidade de voluntariado especificará nas súas normas relativas a actividade de voluntariado as causas que determinen a exclusión das persoas integradas nela como voluntarios e a perda desta condición.

Terán en todo caso dito efecto a inobservancia das previsións contidas na presente Lei, particularmente dos deberes contemplados no artigo 10, a actuación contraria aos principios e fins que a mesma proclama, ou o incumprimento dos compromisos libremente acordados coa entidade na que se integre, cando sexan graves ou reiterados, e non xustificados.

Os procedementos para acordar a exclusión asegurarán sempre a audiencia do interesado.

4.- O artigo 8 do anteproxecto de lei regula o concepto de persoa voluntaria.

O CES considera que, na última frase do apartado 4 do artigo 8, o inciso “*neste último caso*” parece superfluo, polo que o CES recomenda a eliminación da citada expresión.

5.- O artigo 9 do anteproxecto de lei galega de acción voluntaria regula os dereitos das persoas voluntarias, entre os que se inclúen os dereitos *b) a ser informadas, formadas e desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e característica reclamen*, así como o dereito *e) a formación e información específicas na materia de prevención de riscos*.

Os nomeados parágrafos clasificados coas letras b) e e) parecen reiterativos. O CES considera que poderían agruparse nun só parágrafo, engadindo no texto do apartado b) unha alusión á prevención de riscos.

6.- O **artigo 9** do anteproxecto de lei regula os dereitos das persoas voluntarias.

O CES entende que no **apartado j** do artigo 9 debería cambiarse a expresión “(...) *de acción voluntaria en que se expresen, polo menos, (...)*” pola de “(...) *de acción voluntaria nas que se recolla, polo menos, (...)*” por entender esta última máis correcta.

7.- O **artigo 10** do anteproxecto de lei regula os deberes das persoas voluntarias.

O CES considera, co obxecto de clarificar a redacción do presente artigo, que no **apartado d)** do citado artigo 10 debería cambiarse a expresión “(...) *no desenvolvemento da súa actividade e colaborando coa entidade (...)*” pola de “(...) *no desenvolvemento da súa actividade e colaborar coa entidade (...)*”.

Así mesmo o CES considera que no **apartado k)** debería cambiarse a expresión “*k. Notificar á entidade a renuncia coa antelación (...)*” pola de “*k. Notificar á entidade a súa renuncia coa antelación (...)*”.

8.- O **artigo 24** do anteproxecto de lei regula as competencias da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O **apartado 1j)** do citado artigo 24 sinala como unha das competencias da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a de “*promover accións en que participen persoas voluntarias a través do órgano competente en materia de acción voluntaria no caso de se producir situación excepcional de catástrofe ou calamidades ou situacións de necesidade*”.

O CES considera que no citado epígrafe 24.1 j) debería engadirse a seguinte frase: “*Finalizada a citada situación excepcional, a administración, actuando de oficio, procederá a eliminar os datos das persoas que, con carácter excepcional, se inscribiron para esa acción voluntaria*”.

9.- O artigo 34 do anteproxecto de lei regula o Consello Galego de Acción Voluntaria.

O **apartado 1** do citado artigo 34 sinala que se crea o Consello Galego de Acción Voluntaria “*que será un órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta na materia de acción voluntaria (...)*”

O CES considera que na apartado 1 do artigo 34 debería engadirse: “*(...) asesoramento, consulta, e seguimento en materia de acción voluntaria*”.

O CES entende que dentro das funcións do Consello Galego de Acción Voluntaria, establecidas no **apartado 2** do artigo 34, debería incluír a de “*Valorar os Plans de formación presentados pola Escola Galega de Acción Voluntaria*”.

O **apartado 3** do artigo 34 regula a composición do Consello Galego de Acción Voluntaria.

O CES considera que se debería modificar o **epígrafe c** “Vicepresidente segundo” no seguinte senso: “*Vicepresidenta/e segunda/o: Terá carácter rotatorio entre os representantes das entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia, na forma que se determine regulamentariamente*”

10.- O artigo 37 do anteproxecto de lei sometido a ditame, regula a rede galega de entidades de sector.

O **apartado 3** do artigo 37 establece que “*reglamentariamente poderase desenvolver o funcionamento e actuación da rede galega*”.

Entende o CES que nun texto legal débese especificar se realmente cómpre proceder ou non ao desenvolvemento regulamentario dun precepto, polo que correspondería substituír a citada expresión do apartado 3 por “*Reglamentariamente desenvolverase...*”.

11.- O artigo 38 do anteproxecto de lei regula a formación das persoas xestoras da acción voluntaria.

O CES considera que no artigo 38 debería engadirse que as características que deban cumprir as persoas xestoras da acción voluntaria serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

12.- O artigo 39 regula a Escola Galega de Xuventude e acción voluntaria

En coherencia co texto do citado artigo 39, o CES entende que se debería de eliminar o termo *Xuventude* do título do artigo.

13.- O artigo 41 do anteproxecto de lei regula as acción de fomento da acción voluntaria.

O CES entende que no **apartado 1** do artigo 41 debería engadir, entre as accións a desenvolver polas Administracións Públicas en Galicia, a seguinte: ***“Primar aqueles proxectos que xeren un maior volume de emprego de calidade, tendo en conta o seu interese social e a súa dimensión.”***

O CES considera que se debería de modificar o **apartado 1 “i) A implantación de medidas de tipo honorífico para recoñecer publicamente o traballo das persoas voluntarias.”** no senso de incluír que, en todo caso, as medidas de tipo honorífico citadas serán non remuneradas.

14.- A Disposición adicional primeira do anteproxecto de lei dispón que o Consello Galego de Acción Voluntaria asumirá as funcións actualmente encomendadas ao Consello Galego do Voluntariado pola Lei 3/2000, de 22 de decembro, parcialmente modificada pola Lei 3/2002, de 29 de abril, extinguíndose este consello coa entrada en vigor da presente lei.

O CES estima que, dado o contido da disposición derogatoria única e o do artigo 34.2, a inclusión desta disposición adicional pode considerarse repetitiva, polo que podería procederse á súa eliminación, agás que se comprobase –non parecer ser este o caso– a existencia de algunha función do

Consello Galego do Voluntariado (extinto á entrada en vigor da nova lei) que non estivese previsto asignar ao Consello Galego de Acción Voluntaria.

15.- A Disposición Transitoria única do anteproxecto de lei galega de acción voluntaria sinala que as entidades que á entrada en vigor desta lei dispoñan de persoal voluntario deberán axustarse ao réxime previsto na mesma no prazo de dous anos.

O CES considera que o prazo proposto para que as entidades que dispoñan de persoas voluntario se adapten a esta lei debería reducirse a un ano.

16.- Disposición Final Primeira.

En coherencia co sinalado na Consideración Particular 12 do presente ditame, debería substituírse a expresión “*Escola Galega de Xuventude e Acción Voluntaria*” por “*Escola Galega de Acción Voluntaria*”.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano